

Non é fácil relatar a historia do meu avó neste breve espazo. Nin sequera sería fácil para min esquecer que esta é unha breve colaboración literaria e non unha confesión, innecesaria. Intentarei obviar unha e outra realidade e cinguirme ao sucedido trala morte de Perseo Carballal, policía de profesión e enfermo crónico, mental, no último tramo da súa vida. Enviáronme a esta ergástula – así chamaba o avó ao cárcere – logo de agredir a un xuíz. Agresión á autoridade ou atentado,

3

Perseo x 2 = Perseo
Xosé Carlos Caneiro

Contos de Agardar



Xosé Carlos Caneiro
(Verín, 1963).

Profesor. É autor, entre outras, das obras *O infortunio da soidade* (1992), *Ébora* (2000), *A rosa de Borges* (2000), *Talvez melancolía* (diario do home imposible) (1999), *Un xogo de apócrifos* (1996), *Da túa ausencia* (1989), *Estación sur* (1992), *A valga do triste amor* (1997), *De bar en bar* (2006). Entre os seus últimos libros están a novela *Ámote* (2003), ensaios *Jorge Luis Borges* (2003), *Os dominios de Caín* (2006).

© do texto: Xosé Carlos Caneiro

© da edición:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado
Paz Filgueira Paz
Luis M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litonor

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística de Galicia.





3

Perseo x 2 = Perseo

Xosé Carlos Caneiro

Contos de Agardar

Perseo x 2 = Perseo

Non é fácil relatar a historia do meu avó neste breve espazo. Nin sequera sería fácil para min esquecer que esta é unha breve colaboración literaria e non unha confesión, innecesaria. Intentarei obviar unha e outra realidade e cinguirme ao sucedido trala morte de Perseo Carballal, policía de profesión e enfermo crónico, mental, no último tramo da súa vida. Enviáronme a esta ergástula —así chamaba o avó ao cárcere— logo de agredir a un xuíz. Agresión á autoridade ou atentado, de tal delicto se me acusa. Non me arrepinto. Ou, cando menos, non me arrepinto o suficiente. Candoouben que existía esta publicación pedín insistentemente que permitisen incluír esta colaboración, ou confesión, repito. Aceptaron, estou seguro, porque eles tamén senten lástima dun tipo coma min. Tal vez aceptaron, especulo, porque faltaba quen escribisen contos de policía... ou sobre a policía, ou sobre policía galegos... para ser máis exactos. Os po-

11

licías galegos queren ser policías galegos e non consenten, non, que lle cambien o nome en ningún lugar do mundo. Carbajal non é igual a Carballal.

El, repito, chamábase Perseo Carballal.

O avó perdeu a cabeza do mesmo modo que se perden todas as cousas importantes: sen decatarse apenas. Todo por culpa da burocracia. El asinaba Perseo Carballal e eles, con teimosía, a corraxir: Perseo Carbajal. Os máis ignorantes rían polo nome. A verdade é que resultaba e resulta curioso. Estou seguro que a maioría descoñece que exista alguén que poida chamarse Perseo. Quizá Perseo tivo a culpa da loucura do avó; é unha teoría que eu sosteño con fe, pero pouco agradecida. O certo é que non coñezo un médico que a ratifique, nin moito menos un neurólogo que non afirmase que o avó tiña alzheimer, só alzheimer, unha enfermidade canalla e sumamente ingrata. Hai enfermos que se poñen violentos. O avó, nunca. Só cando escapou do hospital da Coruña logo do infarto. Terei que contalo, aínda que non sei se esta licenza —pouco acorde coa estrutura literaria— non danará en demasía o texto desta confesión. Unha confesión que figurará a carón de célebres escritores que outorgan o

seu talento para falar de policías e da policía. Creo que o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia ofreceron unha suma millonaria para que este proxecto puidese saír adiante. A pasta repartirana os editores como xulguen xusto. Eu percibo unha cantidade ampla e ilusionante: serán os primeiros euros que eu perciba por escribir algo que non sexa no periódico. Redactor de sucesos. Cando un traballa en sucesos vai facendo callo. Ou sexa, que non sente temor polas cousas que conta e o único polo que debece, co paso do tempo, é por contar ben as cousas que conta. Creo que os editores aceptaron o meu relato porque eu, deben admitilo, tamén estou de moda. Dende que agredín ao xuíz son un home coñecido. Sen traballo, pero coñecido. Os do periódico despedíronme de contado. Unha cámara televisonaria recolleu a agresión. Boteille as mans ao pescozo con ánimo destrutivo, como nunha película gansteril, violenta, bocaberta. O xuíz denuncioume e outro xuíz meteume no cárcere. Imaxino que sairei en breve. Aproveito a estancia na ergástula para escribir ou xustificar a agresión e, de paso, contar todo o sucedido en torno a Perseo Carballal, policía, meu avó.

Estaba tolo dende antes do alzheimer. O al-

zheimmer é unha enfermidade e a loucura é a loucura. Unha cousa e outra nada teñen que ver, ou pouco. O avó entoleceu por ler libros de mitoloxía. Uns entolecen como Alonso Quijano e outros entolecen como Perseo Carballal. O seu primeiro nome foi Feliciano Carballal. Perseo adoptouno gracias á lei que permite cambiar os nomes, e o lugar dos apelidos, e traducir, ou non traducir. Velaquí o problema. Noutros tempos traduciron tamén o seu apelido. Cando o contrataron na policía, en Madrid, escribírono como Feliciano Carbajal. Carbajal, e non Carballal: o problema real e a causa das miñas disputas. A causa do cárcere, do xuíz, da agresión, da inxustiza que planea como unha bolboreta de aluminaluminio o meu caletre enfermo. Tomei as pastillas hai algún tempo e talvez a miña escrita traduza uha certa desazón, incomodidade ou ansiedade enferma. Tomarei un tranquilizante cando o precise, se consenten estes cancerbeiros, carcereiros, matóns, se me levan á enfermería, que estou mal, moi mal... pero resisto. Non é o momento, non é o momento, non é. Perseo Carballal. Entoleceu porque leu demasiados libros mitolóxicos. Quería ser heroe. Un heroe invencible como Perseo, aquel fillo de Zeus e

Dánae. Non sei se recordo a historia correctamente, en todo caso anotarei a historia mitolóxica que eu recordo: é probable que non se pareza en nada á historia ortodoxa que contan os manuais. Pero na ergástula non teño manuais, enciclopedias, libros mitolóxicos. Non teño nada. Ausencia, baleiro, nada, nada. A nada é a definición exacta dos meus días. Unha definición para min. Defínase vostede: son nada, a Nada. Ríu. A risa alívíame neste lugar mentres escribo esta historia da que ignoro o seu carácter artístico. Eu son periodista metido a escritor. Ten mérito vivir de escribir. Incluso sendo periodista. Ten mérito que nos paguen polo simplísimo feito de golpear teclas do mesmo modo que a xente, vostedes, lectores e lectoras, contan, falan, narran. Vostedes son narradores realistas. Observan un vehículo que atropela a un transeúnte. Foxe o vehículo. Autoridades detrás. Vostedes ven “iso” e narran “iso” moito mellor que calquera periodista. O obxecto da literatura é un “iso” intuído e nunca observado de modo real. Vostedes narran. E non cobran. Os periodistas cobramos por narrar a realidade. Somos uns privilexiados. Somos uns. Somos. As pastillas... demo... onde están as pastillas... Alguén pode darme

as pastillas? Que me leven á enfermería estes canallas.

16 Contemos a historia de Perseo. A historia de Perseo que eu recordo. Fillo de Dánae e Zeus. Acrisio era o pai de Dánae. Quería ter un fillo, ou sexa, un home. Consultou o oráculo. Todos os personaxes célebres da mitoloxía consultan o oráculo. Sen oráculo son ninguén. Nada, coma min. O oráculo contestou que a súa filla Dánae había de ter o fillo que el desexaba e que ese fillo sería o culpable da morte de Acrisio. Ohhh! Terrible oráculo. Acrisio pecha a súa filla, acompañada dunha ama de cría, nunha cámara con paredes de bronce. Impenetrable. Pero Zeus, en forma de chuvia, entremétese polas fendas e embaraza a Dánae (qué fermosa e lindísima metáfora). Nace Perseo. Acrisio non se decata ata que escoita chorar ao neno (porque os nenos choran). Non cre que fose Zeus en forma de chuvia quen embarazase á súa filla. Non o cre porque as metáforas son difíciles de crer pola maioría dos seres, incluso os seres mitolóxicos. Mata á dama de cría: as damas de cría son culpables de moitos dos males da humanidade, como nos aprendeu Shakespeare a todos os que lemos a Shakespeare. Á súa filla e ao seu

neto méteos nun baúl. Guinda o baúl ao mar. Nas costas da illa de Serifos, un pescador encontra o baúl. O pescador chamábase... cómo se chamaba o pescador... non lembro, só recordo que era irmán do rei da illa de Serifos, do que tampouco lembro o nome. Dictis, chamábase Dictis. Veume agora á cabeza. Dictis, qué alegría, por fin son capaz de lembrar algo relevante na miña irrelevante vida de periodista profesional. Eu non teño alzheimer. Nin estou louco, como o avó. Non. Vouno escribir con maiúsculas: NON. Dictis. Dictis. Punto. Salto á memoria. Memoria, inimiga fatal do meu descanso, dicía Quijano, ou Cervantes. Xa falei de Cervantes noutro lugar desta confesión? É probable que falase do xenio da Mancha, moi probable. Eu amo a Cervantes. Se volvese nacer pediría ser Cervantes e combater en Lepanto. Sen periódicos, sen periodismo, sen xuíz. Sen brazo. Nada. Eu son Nada.

17

Perseo. Criado por Dictis. Aquí discorre un periodo que eu non lembro. Talvez porque o meu avó non o contaba de modo preciso ou, probablemente, porque eu non prestaba a atención debida ás palabras do avó. Máis ben o segundo. Perseo Carballal, daquela Feliciano Carballal, era un excelente narrador oral e

eu era simplemente o que son: Nada. A Nada é unha definición excelente. Pero non perdo o fío que me interesa, nin moito menos. A confesión. A confesión que xustifique a estancia na ergástula na que moro e, de paso, sirva para aliviar a memoria do meu avó Perseo, ou Feliciano, o meu avó en todo caso... Polidectes. O irmán de Dictis, e rei da illa de Serifos, chamábase Polidectes. Gustaríame celebrar esta recuperación memorística bebendo e brindando pola saúde do meu avó morto, pola miña saúde, pola saúde do xuíz que me enclaustrou entre estas catro paredes e roubou a miña liberdade. Reflexionaron vostedes algunha vez sobre a importancia da liberdade? Eu non o fixen ata que caín aquí, na ergástula. Polidectes. Dictis. Nomes horrísonos. Polidectes namorouse de Dánae, que debía ser guapa guapa, e quixo afastar a Perseo da súa mamai. Perseo debía ter complexo de Edipo, ou sexa, Perseo debía amar á mamai de modo incestuoso. Pero a mitoloxía non aclara nada ao respecto. Eu non vou investigar. O avó non me contou nada dos amores de Perseo e a súa mamai Dánae. Nada. Eu, a Nada. Perseo organizou un banquete e todos os comensais, nobres, querían regalarlle un cabalo. Perseo regaloulle a

Contos de Agardar
Perseo x 2 = Perseo

cabeza da Medusa, uuuhhh, que era mala malísima. Filla dos monstros Focis e Cetos. Depois o avó contaba cousas que eu non lembro. Falaba das irmáns de Medusa, das Graias, do sangue de Medusa, de Pegaso, Crisaor, e outros nomes que non lembro nin quero lembrar. Casou con Andrómeda. Regresa a Serifos. O seu pai adoptivo, Dictis, estaba nunha situación delicada. Tamén a súa nai, Dánae. O canalla de Polidectes intentara violala. Non lle gustou iso a Perseo. Converte en estatua a Polidectes e outórgalle o reino da illa a Dictis. Regresa a Argos, onde está o seu avó Acrisio, aquel que consultara ao oráculo. O oráculo dixéralle que Perseo tería moito que ver na súa morte. Perseo participa nuns xogos. Lánzanlle un disco. O disco desvíase e mata a Acrisio. Qué triste é a vida dos heroes, coño... etcétera etcétera etcétera...

19

Se vostede repite os nomes, vostede recorda os nomes. Repita os nomes e diga o que fixeron. E faga sumas, restas, dous por dous igual a catro... exercicios que lle recomendaba o médico ao avó. Repita nomes, números, sumar, restar, dividir, dous por dous catro, son exercicios de memoria, exercicios de memoria...

Somos memoria.

Sen memoria non somos. A Nada. Eu son a Nada.

20 Recordo a historia que me contaba o avó nas tardes de chuvia, tan interminables como as fazañas de Perseo. El quixo chamarse Perseo e quixo, sobre todas as cousas, levar o apelido que en xustiza lle correspondía: Carballal. Cando ingresou no corpo de Policía, talvez por erro, anotárono como Carbajal. Toda a vida loitou contra aquela chanza do destino. El quería ser quen era. Un. El mesmo. Carballal. Perseo Carballal. Porque as cousas tenden a achegarse o máis posible a si mesmas, ata encontrarse co seu adentro, identificándose. Entoleceu, o avó, porque ninguén quixo facerlle caso. El solicitaba o seu verdadeiro apelido, cubría papeis, instancias, estancias (por elas paseaba constantemente coas mans nas súas costas), funcionarios e funcionarias. Todo arranxado, dicíanlle. E nada arranxaban. Na nómina seguinte aparecía o nome que lle outogaran en Madrid: Feliciano Carbajal. Foi daquela cando a súa cabeza comezou a perder o norte. E o sur. O certo é que a súa cabeza deixou de posuír tino, sentido e razón. Coleccionaba palabras para non perder os nervios. Coleccionaba nervios para non

perderse entre palabras que nunca entendeu. Era unha versión renovada do “Vuelva usted mañana” que fixera famoso Mariano José de Larra. Mariano José sucidouse. Eu penso a miúdo en Mariano José. Lía libros de mitoloxía, o avó, mentres agardaba. Lía os traballos de Perseo. E converteuse en Perseo para vingar a afrenta da Administración. Toda a súa vida viviu para o mesmo. Non tiña outro afán. Palabras que repetía para tranquilizarse: Acrisio Dánae férula espigón Dicitis Polidectes Serifos Edipo Cervantes. Palabras que viñan ao seu caletre despois de repetirse mil veces a historia do seu heroe. O médico dicíalle que había que repetir palabras e sumar, restar, dividir, para que a memoria non se fose para sempre. E quixo ser un heroe. Un heroe. Podería ser Hércules, pero quixo ser Perseo. Cortar a cabeza da Medusa.

21

—A medusa é o absurdo, díxome unha vez.

Eu non entendín nada. Non entendín o que era o absurdo ata hoxe. Aquí, na ergástula. E todo por vingar ao meu avó Perseo Carballal. E non Carbajal, como escribiron máis dunha vez as autoridades competentes.

Non me gusta o sintagma “autoridades compe-

tentes”. Paréceme, en si mesmo, unha expresión contradictoria.

Perdín o fío. Teño que rematar de contar a historia do avó. Do alzheimer. Estou nervioso e ninguén me dá pastillas. El non tiña alzheimer, demo. El púxose louco de tanto ler mitoloxía. Púxose louco porque quería ser Perseo e Perseo non existiu. Ou talvez existise.

Xa veñen a por min.

—Que queren?

—Levámolo ao xuízo.

—Que xuízo?

22 —Acúsano de intento de asasinato pero o seu avogado alega que está tolo.

Pido cinco minutos máis, só cinco minutos máis para poder rematar a historia do meu avó. Eles din que eu non teño avó. Pero non os creo. Sei que houbo un avó que quería chamarse Perseo Carballal e non Feliciano Carbajal. Eles din que non. Que eu son Feliciano Carbajal. Este ri cando pronuncia Feliciano Carbajal. Non vai facelo máis.

—Non vas facelo máis, verdade Acrisio?

—Solte, solte, que me afoga.

—Afógote, claro que te afogo.

—Como me chamo eu?

—Feliciano Carbajal.

Apretei un pouco máis a súa gorxa. Repetín a pregunta.

—Como me chamo?

—Carballal, Perseo Carballal, contestou unha voz que me resultaba coñecida.

Informe Psiquiátrico

Consideramos en todo momento a posibilidade dun trastorno por estrés logo dunha dilatada tempada, máis de dez anos, coidando do seu avó. Aquel acabou internado nun sanatorio psiquiátrico despois de amosar un cadro de personalidade bipolar que, cremos, foi asumido polo seu neto. Empezou a sufrir a enfermidade de Alzheimer antes da xúa xubilación no corpo de Policía e un síndrome obsesivo compulsivo levouno a adoptar dúas personalidades diferenciadas. Por un lado quixo ser o policía profesional entregado ao seu traballo e, por outro, quixo converterse nun heroe mitolóxico para vingar unha afrenta idiomática (así a consideramos no noso gabi-

nete). En ningún caso constatamos que fose inscrito ou rexistrado como Feliciano Carbajal, senón como Feliciano Carballal, que era o seu verdadeiro nome. Non obstante, estamos tamén seguros de que el escoltaba (producto da neurose) ese nome antes dos seus ataques de ira. O mesmo sucedeu co seu neto, que agrediu ao xuíz cando oíu o seu nome e case esgana a un funcionario da prisión.

—Carballal, Perseo Carballal, contestou unha voz que me resultaba coñecida.

Era a voz do avó.

24 Xa dixen que non era fácil relatar a historia do avó. Eu. O avó. Dous por dous. É preciso sumar, multiplicar, dividir, repetir nomes para que a memoria non se vaia de todo. Perseo x 2 = Perseo. A vida triste que vivimos. O absurdo. Para nada. Para nada.

Sempre a Nada.

Eu...

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
“En galego, con toda seguridade”.
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Consellería de Presidencia
Policía Autónoma